

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA INTERNACIONAL DE TURISMO TERMAL, TERMATALIA-BRASIL 2018.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra, D. Jesús Vázquez Abad, actuando en nome e representación da **Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE)**, na súa cualidade de vicepresidente segundo executivo da entidade, segundo se desprende do artigo 24 dos Estatutos da fundación, visto o certificado emitido pola Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, entidade sen ánimo de lucro tal e como establece o artigo 4 dos seus estatutos, é a única organizadora de "TERMATALIA-BRASIL 2018", que é a única Feira Internacional do Turismo Termal que se celebra no mundo que reúne ao sector procedente de Europa e América convertida nun referente tanto



europeo coma latinoamericano para os profesionais deste ámbito. Esta Fundación a través de Termatalia, ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo termal e Termatalia se posiciona como o centro de negocios e intercambio de coñecemento máis adecuado para a presentación e expansión de todos os produtos vencellados ao turismo termal a nivel internacional.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo, na política de desenvolvemento recollida en dito plan, na estratexia de novos produtos se define a actuación 29 “Creación de produtos turísticos minoritarios e selectivos”.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de reforzar o posicionamento de Galicia como destino líder en Turismo Termal xa que as instalacións para o turismo de saúde fan deste sector un dous produtos turísticos estrela, a Axencia Turismo de Galicia colaborará coa Fundación Feiras e Exposicións de Ourense na organización de TERMATALIA-BRASIL 2018, feira internacional dedicada ao turismo termal organizada por Expoureense.

Terceiro.- É patente a categoría e relevancia acadada por esta Feira, os diversos axentes, profesionais e empresas nacionais e internacionais directamente vencellados ao sector fan que a súa celebración acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega baseada na extraordinaria puxanza do turismo termal nesta comunidade.

Galicia e destacadamente Ourense é un referente termal de España, pola cantidade e calidade das súas fontes, das que saen máis de catro millóns de litros diarios de auga termal. A Comunidade Autónoma de Galicia ven implementando un modelo turístico fundamentado na diferenciación, cunha apostado firme polo turismo termal coma un produto destacado, na



procura dunha afluencia sostida de visitantes ao longo do ano que diminúa o grao de estacionalidade do sector.

Neste sentido, TERMATALIA da resposta á necesidade de encontro de todos os sectores implicados no sector do termalismo, administracións e axentes privados, erixíndose no foro de coñecemento e análise de necesidades de promoción e de incentivo público e privado da oferta termal galega.

En virtude do anteriormente exposto, acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE), para a organización e celebración da Feira Internacional do Turismo Termal, "TERMATALIA-BRASIL 2018" do 13 ao 14 de setembro (e o Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo desde o 12 ao 14 de setembro).

Con estas acción refórzase o posicionamento de Galicia coma ponte termal entre Europa e América Latina, co que Galicia reforza a súa imaxe de destino de Turismo de Saúde en Europa o cal é moi importante nestes momentos pola entrada en vigor da nova directiva europea de servizos de saúde transfronteirizos.

No marco desta feira se desenvolverán entre outras as seguintes accións: unha bolsa de contratación turística coa participación de axencias de viaxes maioristas de Europa e América, cursos/ obradoiros formativos para empresas de turismo de saúde.

Así mesmo, levaranse a cabo diversas actividades de difusión e promoción do turismo de saúde con encontros e xornadas paralelas coma o 13º Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo, ou o Encontro de Políticas Públicas de Termalismo. De todo isto farase eco unha



misión de prensa especializada internacional (con xornalistas especializados procedentes de Europa e América).

Segunda .- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior TERMATALIA-BRASIL 2018, ascende a 92.000,00 €, que corresponden coas seguintes accións:

Concepto	Custo
Montaxe stand Galicia	12.000,00€
Montaxe Bolsa de Contratación Turística	14.000,00€
Promoción e publicidade	15.000,00€
Misión de Prensa	12.000,00€
Libro Termatalia	7.000,00€
Servizos evento	5.000,00€
Misión Tour Operadores	13.000,00€
Encontro Internacional	14.000,00€
TOTAL	92.000,00€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de sesenta mil euros (60.000.-€), a contía restante para completar a execución do proxecto correspóndelle executala a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, EXPOURENSE. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será adicada aos gastos de promoción do evento, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que EXPOURENSE obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2018, a favor de EXPOURENSE unha vez que esta entidade achegue as correspondentes facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas



transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pago así como unha memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio e as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado nesta cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas, e sempre que se cumpra co obxecto do presente convenio.

Terceira.- Compromisos das partes

1. EXPOURENSE queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente. Comprometéndose a:

- Entregar á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas.
- Realizar as actividades previstas neste convenio.
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír. Así mesmo, constará esta cooperación en todas as actuacións que se desenvolvan no marco do convenio.
- Promocionar a “Marca Turística de Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca, deberán descargar da páxina www.turismo.gal/marca01 os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.



- Presentar, con anterioridade á sinatura deste convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a:

- Pagar os gastos correspondentes con cargo á aplicación 04.A2.761A.640.0, financiada con fondos propios, a favor de Expourense.
- Colaborar con Expourense nas actuacións de promoción e divulgación das actuacións obxecto deste convenio.

Cuarta.- Inexistencia de relación laboral

La suscripción de este convenio no implicará relación laboral, contractual o de cualquier otro tipo entre los profesionales que desarrollen las actividades y la Agencia Turismo de Galicia, de tal modo que no se le podrá exigir responsabilidad alguna directa ni subsidiariamente por los actos o hechos acaecidos en el desarrollo del mismo.

Quinta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuación previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas



medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima.- Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Oitava.- Réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

O convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.2., sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Novena.- Xustificación e pagamento

1º.- A achega da Axencia Turismo de Galicia será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que se deberá presentar a seguinte documentación:


- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pago.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º. O prazo para presentar a documentación xustificativa será dende a formalización do convenio ata o 30 de novembro de 2018.

3º. De non xustificarse o orzamento estimado total previsto na cláusula segunda, e sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración, a achega da Axencia Turismo de Galicia minorarase proporcionalmente á cantidade xustificada.



Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeira.- Publicidade do convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.


Décimo segunda.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio.

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

No referente á publicidade estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Décimo terceira.-Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.



En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Fundación Feiras e Exposicións de Ourense
EXPOURENSE

A directora de Turismo de Galicia

O vicepresidente segundo

M^a Nava Castro Domínguez

Jesús Vázquez Abad

